MEMORIA CONCELLERÍA DA MULLER

1. CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

2. PLANO IGUALDADE-Actividades

3. ESTRUCTURA PERMANENTE DA CONCELLERÍA

- Servicios
    - Asistencia xurídica gratuita
    - Servicio canguros
    - Casa de Acogida
    - Centro de Día
    - Páxina Web
- Programas
- Actividades

4. PUBLICACIONES

5. FOTOS

1. CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

Corresponde ós poderes públicos facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social, como instrumento que propicie o libre desenvolvemento da personalidade, fundamento da orde política e da paz.

O dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, debe promoverse e expresarse en tódolos ámbitos, tanto en referencia ás persoas individualmente consideradas, como respecto ós grupos de diversa natureza na que se integran.

A Lei de bases do réxime local (7/85) e o seu Regulamento de organización (Decreto 2.568/86) regulan diversos aspectos desa participación cidadá na vida pública municipal e, de maneira singular, a participación vecinal en consellos sectoriais a través de asociacións xerais ou sectoriais, tendo en conta tanto a súa especialización como representatividade.

En cumprimento do disposto no Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago de Compostela, aprobado polo Pleno o día 4 de decembro de 1998, sempre en concordancia co disposto na Lei de bases do réxime local e no Regulamento de organización , funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a *Concellería da Muller propón ós colectivos de mulleres, á Comisión Informativa de Organización e Participación e finalmente ó Pleno do Concello de Santiago de Compostela unha normativa particular para artellar o funcionamento, composición e outras especificacións necesarias para garantir o dereito á participación na vida municipal das cidadás compostelás na que se atende ás características específicas do colectivo social ó que vai dirixido e ás particularidades organizativas que lle son propias.*
Deste xeito xurde o ***Consello Municipal da Muller.***

A primeira reunión do Consello da Muller celebrouse o día 7 de outubro de 2000, comenzando nesa data a súa andadura como grupo de traballo estable a favor das mulleres da nosa cidade.
Celebráronse as seguintes sesións ordinarias:
16/12/00
17/02/01
19/05/01

06/10/01
16/02/02
08/06/02
26/10/02
08/02/03

Formando parte deste Consello, temos os seguintes colectivos e organismos:

RELACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES E VOCALÍAS DA MULLER DAS AA.VV. CON REPRESENTACIÓN NO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

- AMEP, Asociación de Mulleres Empresarias e Profesionais
- Andaina Asociación Cultural.
- Asemblea da Muller "Galiza Nova"
- Asociación Cultural de Mulleres Rurais do Eixo.
- Asociación de Amas de Casa "Virxe de Bonaval".
- Asociación de Mulleres "A Lagoa"
- Asociación de Mulleres "Lilith".
- Asociación de Mulleres "Recandea"
- Asociación de Mulleres da Rocha.
- Asociación de Mulleres de Marrozos.
- Asociación de Mulleres Lúdicas "Amulús".
- Asociación de Mulleres Progresistas "Alba"
- Asociación de Viúvas "Rosalía de Castro".
- Colectivo de Mulleres Ensinantes "Do Rosa ó Violeta"
- Coordinadora Nacional Galega da Marcha Mundial de Mulleres.
- Grupo de Estudios sobre a condición da muller "Alecrín"
- Grupo de Mulleres da Universidade .
- Grupo Municipal do PSG-PSOE
- Grupo Municipal Popular
- Mulheres Nacionalistas Galegas.
- Proxecto Vagalume.
- Secretaría da Muller da CIG.
- Secretaría da Muller da Unión Comarcal de CCOO.
- Secretaría da Muller da UXT.
- Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego.
- Servicio Galego de Igualdade
- Vocalía da Muller da A.VV. "Coto da Nai".
- Vocalía da Muller da A.VV. A Xunlla.
- Vocalía da Muller da A.VV. A Xuntanza.
- Vocalía da Muller da A.VV. As Brañas de Andrés.

- Vocalía da Muller da A.VV. As Cancelas.
- Vocalía da Muller da A.VV. As Hortas Milenarias
- Vocalía da Muller da A.VV. Camiño de Santiago.
- Vocalía da Muller da A.VV. Campo do Monte.
- Vocalía da Muller da A.VV. Cardenal Quiroga.
- Vocalía da Muller da A.VV. Casa Agraria.
- Vocalía da Muller da A.VV. Porto de Fornelos.
- Vocalía da Muller da A.VV. Raigame.
- Vocalía da Muller da A.VV. Río Sarela.
- Vocalía da Muller do Comité Galego AntiSIDA.

Os obxectivos do Consello Municipal da Muller establecidos no seu Regulamento (publicado no BOP nº 203 de 4 de setembro de 2000) son os seguintes:

- Estudiar e emitir informes sobre os temas que considere de interese para a muller.
- Promover para a súa prioridade as iniciativas do Consello perante a Concellería da Muller e outras institucións, derivadas das análises, estudios e damandas realizadas sobre temas relativos á muller.
- Potenciar a coordinación entre as institucións que actúen neste eido en Santiago de Compostela.
- Propoñer actuacións e acordos ás diversas concellerías, á Corporación, aos consellos municipais e a cantas outras institucións incidan coas súas actuacións, ou coas súas omisións, no ámbito da muller.
- Analizar as actuacións e intervencións que no ámbito da muller se produzan no municipio para canalizalas cara ó órgano competente.
- Información, debate e difusión dos temas e dereitos das mulleres.
- Promover a presencia e a participación das mulleres en todos os ámbitos.
- Apoio e fomento do asociacionismo das mulleres para acadar maior participación e solidariedade.

É de destacar de todo o traballo desenvolvido por este órgano participativo, que marca a programación da Concellería da Muller, *a posta en marcha do Plano Municipal de Igualdade de Oportunidades*, elaborado e consesuado dentro do Concello e do que falaremos a continuación.

2. PLANO MUNICIPAL DE IGUALDADE 1999-2003

O 17 de abril de 1999 tódolos estados membros da Unión Europea asinaron a Declaración de París que baixo o epígrafe de PARIDADE, sinala os obxectivos: "a participación equilibrada de homes e mulleres nas tomas de decisións é necesaria na construcción dunha Europa forte politicamente, dinámica e máis solidaria e constitúe un factor de coesión social que responde á esixencia da cidadanía. Para isto, as administracións e as institucións, entre outros, comprométense a adoptar e promove-las medidas máis axeitadas para lograr unha verdadeira igualdade de oportunidades".

Por iso, existe a CONCELLERÍA DA MULLER, que debe traballar a prol de que, no territorio de Compostela, ningunha muller que viva unha situación de discriminación se sinta desamparada ou desasistida. Os dereitos recoñecidos na lexislación deben poder exercerse en todos e cada un dos ámbitos da vida individual e colectiva.

A existencia dun programa marco ou Plano de Igualdade de Oportunidades da Muller, asumido institucionalmente é un elemento imprescindible na configuración dunha política global para a muller a nivel local.
O plano debe considerarse tamén como unha ferramenta metodolóxica que deberá ser avaliable tanto cuantitativamente coma cualitativamente.

Os *obxectivos* que pretende acadar este plano de igualdade son os seguintes:

- Eliminar todo tipo de discriminación sobor das mulleres e calqueira modo de violencia por razón de xénero.
- Incrementa-lo nivel de *participación social* das mulleres e fomenta-la corresponsabilidade dos dous sexos nos ámbitos público e privado.
- Propicia-lo *acceso das mulleres ós distintos ámbitos da cultura* e á adquisición de maiores niveis de formación e o recoñecemento das contribucións culturais femininas.
- Impulsa-la *coeduación e a progresiva eliminación do sexismo* na escola, así como a segregación por razóns do sexo na elección de estudios e profesións.
- Conquerir unha maior *capacitación laboral* e a progresiva incorporación ou reincorporación das mulleres ó mercado de traballo nas mellores condicións posibles.

- Incrementa-la *calidade de vida das mulleres* por medio da promoción da súa autoestima, da súa saúde e do axuste dos servicios ás súas necesidades.
- Fomenta-la participación nas tomas de decisión urbanísticas e do espacio para *favorece-lo uso e acceso das mulleres á configuración da estructura urbana e dos seus servicios* (transporte, espacios públicos culturais e deportivos, espacios de lecer, vivenda, etc.)
- Contemplar *medidas de igualdade que solucionen as problemáticas novas de feminización da pobreza*: mulleres indixentes, familias monoparentais, etc.
- *Analiza-las situacións diferenciadas das mulleres novas e das mulleres de máis idade* como problemáticas específicas dentro do ámbito feminino, en temáticas laborais, de saúde, soidade, etc.
- *Fomentar e impulsa-la responsabilidade masculina nos ámbitos do traballo doméstico e outros*, como medio de reparto de cargas e de políticas reais de igualdade.

- Será vontade desta concellería, en base ó desenvolvemento urbanístico e á obtención de patrimonio municipal, *pór en servicio unha casa de mulleres*, como espacio de traballo, creatividade e de convivencia no ámbito de Compostela.

No Plano se propoñen as seguintes áreas de intervención e liñas de actuación básicas:

- Saúde
- Cultura
- Educación
- Formación e emprego
- Reforzo social
- Urbanismo.
- Promoción e participación social.
- Deporte

A continuación detaiaranse as accións realizadas en cada área de intervención:

SAÚDE

Nesta área na que non existen competencias municipais en atención primaria e na que os ámbitos de actuación dende a nosa administración local teñen que centrarse en aspectos informativos, educativos e preventivos; destacan as seguintes actuacións realizadas:

I. Exposición de fotografía "Mulleres Cara a Cara"

Esta exposición levóuse a cabo en colaboración coa Obra social de Caixa Galicia e foi cedida pola Federación de Planificación Familiar de España.
A exposición permaneceu na aula sociocultural de Caixa Galicia entre o día 11 de novembro e o 7 de decembro de 2002.

A exposición composta por 79 fotografía en branco e negro xorde como resultado do I Congreso Internacional de Fotografía sobre a saúde e os dereitos sexuais e reproductivos, organizado pola Federación de Planificación Familiar de España. Nela se mostran imaxes da realidade que viven as mulleres nos países en desenvolvemento, con especial atención á cuestión do

respecto dos dereitos humanos, á súa situación socioeconómica, ao acceso á educación, á precaridade dos servicios de sáude, á maternidade e aos seus riscos, ao acceso a métodos de planificación familiar, á educación sexual e ás necesidades de millóns de rapazas que actualmente conforman gran parte da poboación destes países.

II. Exposición de fotografía sobre a mutilación xenital feminina "O día que Kadi perdeu parte da súa vida"
Do día 1 ó 15 de decembro de 2000 na Galería Sargadelos.

Esta exposición do fotógrago Kim Manresa, foi cedida por Médicos Mundi Andalucia e estivo exposta na Galería Sargadelos.
A temática da mesma está baseada na mutilación xenital realizada a unha nena africana; consta de 33 fotografías en branco e negro.
O custe da exposición serve de apoio ó Comité Nacional de loita contra a Mutilación Xenital Feminina de Burkina Faso.

A exposición además de estar aberta a toda a cidadanía compostelá, sirveu como unha actividade complementaria ó traballo sobre a violencia de xénero realizado na ensinanza post-obrigatoria que se desenvolveu nas áulas. As asociacións e colectivos de mulleres tamén foron invitadas a visitala de forma guiada.

III. Campaña sobre a Menopausia
A concellería da Muller levou a cabo durante os meses de setembro-decembro de 2001 un programa de saúde en colaboración coa Consellería de Sanidade e Servicios Sociais e coa Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia.

As liñas fundamentais do programa era as seguintes:
- Elaboración dun díptico de información básica e de fácil comprensión para as mulleres
- Charlas sobre os aspectos sociais da menopausa
- Charlas sobre os aspectos médicos da menopausa

Co díptico realizouse unha distribución masiva a toda a cidadanía de compostela, a través do envio a asociacións e colectivos de mulleres; organismos oficiais, centros de saúde, asociacións de veciños...

O programa de menopausa planificouse conscientes de que era precisa unha aportación médica no proxecto como anteriormente indicabamos, xa que ésta é unha etapa onde as inquedanzas xorden en dous niveis:

- No plano social buscase resposta a unha serie de problemáticas a nivel social e psicolóxico que xorden nesta fase.
- No plano médico as principais inquedanzas veñen por atopar respostas a unha serie de síntomas a nivel físico e de saúde, así como medicacións posíbles e recomendables.

A área social impartiuse en tódalas asociacións que así o solicitaron na concellería da Muller: en concreto realizáronse **11 conferencias informativas nas sedes das diferentes asociacións e colectivos de mulleres, cunha asistencia de 205 persoas.**

A área médica impartiuse en puntos concretos da cidade por petición do Servicio de Actuacións Preventivas da Xunta de Galicia e realizaronse as conferencias de forma aberta a toda a población:

- Centro socio-cultural de Vite, día 22 de novembro
- Centro socio-cultural de Conxo, día 29 de novembro
- Local da Cruz Vermella, día 4 de decembro
- Aula sociocultural de Caixa Galicia, día 12 de decembro.

As conferencias foron impartidas por:

- Dr. D. Alejandro Novo, Xefe de Xinecoloxía do Centro Hospitalario Clínico Universitario de Santiago.
- Dr. D. Manuel Caamaño, Médico adxunto de Reumatoloxía do Centro Hospitalario Universitario de Santiago
- Dr. D. José Juan Pérez Boutureira, Técnico do Servicio de Actuacións Preventivas da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia.

IV. Pílula do día despois

A concellería da Muller puxo en marcha no mes de outubro de 2002, en concreto o día 14; un servicio de distribución da píldora poscoital, para dar cumprimento ó acordo unánime plenario do Parlamento de Galicia.

Para solicita-lo devandito servicio as mulleres poden dirixirse ás oficinas da Concellería da Muller, sempre que cumpriran os seguintes requisitos:

Requisitos:

- Estar empadroada no Concello de Santiago.
- Dispor de receta médica.
- Factura ou xustificante do pago na farmacia.

V. Centro de Día para mulleres prostituidas

Ver apartado 3. Estructura permanente da Concellería

VI. Talleres de autoestima

A concellería da Muller organizou dende o ano 1999 ata o 2002:
15 Talleres-obradoiros de autoestima e desenvolvemento persoal para as mulleres de compostela.

A autoestima é a suma de confianza e respecto que cada persoa sinte por sí mesma. Designa o valor que cada unha se da, incluindo sentimento acerca da capacidade e valía persoal, así como sentimentos respecto ás características persoais.
A autoestima é un elemento presente en todalas persoas. Máis a falta de valoración e autoridade social otorgada socialmente ao xénero feminino fai que en xeral as mulleres interioricen unha baixa autoestima a nivel persoal.
Isto xustifica que un proxecto deste tipo, teña como eixo central a autoestima e esté dirixido específicamente a mulleres como medida de acción positiva, partindo de que un nivel baixo da mesma é un primeiro obstáculo, limitando á muller desde sí mesma, para unha igualdade real e efectiva.

Os obxectivos plantexados con estes talleres son os seguintes:

- Proporcionar ás mulleres participantes espacios de coñecemento e desenvolvemento persoal.
- Facilitar información e ferramentas necesarias para que as participantes atopen vías de autocoñecemento, aceptación e afirmación.
- Suscitar a concienciación das potencialidades e recursos de cada muller.
- Superar estereotipos sexistas.
- Fomentar unha maior autonomía das mulleres participantes e o seu desenvolvemento en distintos ámbitos da vida.
- Desenvolver diferentes habilidades sociais e comunicativas, e fomentar a participación social, como vía de enriquecemento persoal e de integración na vida comunitaria, cultural...

Estes talleres levaronse a cabo principalmente nos propios locais das asociacións e colectivos de mulleres da cidade. Participaron nos mesmos un total de 225 mulleres.

VII. Campaña "Muller, dereito á saúde" coa Xunta de personal da Área de Saúde de Santiago.

REFORZO SOCIAL

Co obxectivo de potenciar unha intervención comunitaria/promocional e non asistencial, se levaron a cabo as seguintes actuacións:

I. Xornadas sobre a "Situación da muller galega nas familias monoparentais"

Xornada celebrada o dia 27 de novembro do 1999 e convocada pola Concellería da Muller coa finalidade de levar a cabo unha xornada de reflexión sobre a situación da muller galega, especialmente de aqueles colectivos de mulleres pertenecentes o denominado "familia monoparental".

Nesta xornadas participaron técnicos/as dos concellos de Ourense, Vigo, Coruña, Pontevedra; obténdose como resultado da mesma un documento de traballo, que foi remitido posteriormente a tódolos concellos a fin de poder conxuntamente aplicar políticas favorecedoras para o colectivos de mulleres con cargas familiares.

As conclusións de dita xornada son as seguintes:

- Redifinición do concepto tradicional de familia, baseándose no principio ideolóxico do pluralismo na constitución dos núcleos familiares, o que se traducirá nunha non discriminación social e pública de calquera tipo de convivencia familiar.
- Proposta de cambio da terminoloxía monoparental por monomarental, aínda que lingüisticamente non é o termo correcto, dá resposta a realidade social dunha maioria das familias monoparentais
- Eliminación da feminización da pobreza, se reclama a necesidade de atención especial por parte da administración a este tipo de familias (nais soas con fillos ó seu cargo) como un deber por parte das administración públicas cara á protección da muller e tamén dos seus fillos/as.

- Necesidade de que no nivel político se acade unha igualdade na protección das familias, de xeito que os estados de necesidade se satisfagan como dereitos da cidadanía e non como actuacións graciables da administración pública. Isto supón materializar a protección á familia, a protección integral dos fillos/as e das nais independentemente do seu estado civil, e consonte as situacións concretas de necesidadade.
- Inicio dun servicio de gardería 24 horas.
- Constitución de dos grupos de traballo intermunicipais:
    1. Un primeiro grupo de traballo que traballará a prol da consecución de reformas lexislativas en relación a aprobación dunha lei de parellas de feito para a nosa comunidade autónoma e tamén levar a cabo unha proposta co fin de acadar a defensa das mulleres a través da xustiza gratuíta en casos de faltas por malos tratos.
- Acórdase solicitar á FEGAMP que abra liñas de traballo na área de muller, e que se lle dea carácter divulgativo á defensa dos dereitos da muller.
- Establecemento de políticas de benestar, que deben de ir acompañadas de partidas orzamentarias suficientes no referido á área da muller.

II. Creación do Centro de Día para mulleres prostituidas:

Ver apartado 3. Estructura permanente da Concellería.

III. Posta en marcha do Servicio de Canguros:

Ver apartado 3. Estructura permanente da Concellería.

CULTURA

Nesta área, onde os principais obxectivos xiran en torno a fomentar e facilita-la participación das mulleres en actividades culturais, potenciando tamén a cultura feita por mulleres e contribuindo á eliminación de estereotipos sexistas; se levaron a cabo as seguintes actuacións:

I. Convocatoria do Premio Xohana Torres da VIII á XI edición

O premio de investigación "Xohana Torres" foi institucionalizado pola Concellería da Muller no ano 1993 co obxecto de contribuir ó coñecemento sobre as mulleres que destacaron nalgún eido, tanto na actualidade como no pasado, na vida da nosa comunidade.

Segundo consta nas bases do citado premio, poderán presentarse tódalas mulleres, de xeito individual ou colectivo, que presenten un traballo inédito de investigación.
O contido do traballo referirase a calquera aspecto da muller dentro da nosa comunidade, xa sexa sociolóxico, humano, histórico, etc.

Este premio de investigación está dotado coa cantidade de 3.005'06 € para o único traballo premiado.

A continuación adxuntamos unha relación dos traballos premiados ata a data:

EDICIÓN ANO	DATA DO VEREDICTO	TRABALLO PREMIADO	AUTOR/A
1ª - 1992	08/03/93	As mulleres na economía urbana do Antigo Réxime: Santiago desde o século XVIII.	Serrana Rial García.
2ª - 1993	08/03/94	A muller, visión e contribución dos librepensadores ácratas galegos, a través dos xornais obreiros: 1890-1936.	José González Vázquez.
3ª - 1994	08/03/95	Herdanza e signo.	Ánxela Rodríguez Rodríguez.
4ª - 1995	08/03/96	**Non se presentara ningún traballo.**	
5ª - 1996	08/03/97	Heroínas anónimas: as lavandeiras.	Mª Mercedes Vega Cerqueiro.
6ª - 1997	08/03/98	A nai solteira en Galicia.	María Montaña López.
7ª - 1998	08/03/99	**Declarouse deserto.**	

8ª - 1999	08/03/00	Nais xornaleiras e emigrantes: unha perspectiva comparativa da muller na emigración americana e europea.	Mª Luz González Parente e Marta María Lombán Pazos.
9ª - 2000	08/03/01	O pensamento feminista do economista compostelán Joaquín Díaz de Rábago (1837-1898)	Susana Martínez Rodríguez
10ª - 2001	08/03/02	Esquecidas pola Historia: as mulleres compostelás entre 1890 e 1936	Herminia Pernas Oroza

Na XI edición do premio, que se convocou o día 8 de marzo de 2002 e no que rematou o prazo de presentación dos traballos o pasado día 31 de decembro de 2002, presentaronse **6 traballos.**
O día 17 de xaneiro de 2003 celebrouse a reunión de constitución do xurado para esta edición.

II. Reparto libros ás bibliotecas das asociacións de mulleres

A concellería da Muller co obxectivo de habilitar un fondo bibliográfico para ás asociacións da muller e vocalías da muller de AA.VV. cara á posta en marcha en ditos colectivos dun servicio de biblioteca; realizou a aportación do seguinte material:

- Biografía de Maruxa Mallo, por Carme Vidal
- Biografía de María Casares por Arantxa Estévez
-

III. Exposición de fotografía "As Mulleres galegas no século XX" do 1 o 23 de febreiro de 2000

Esta exposición cedida polo Servicio Galego de Igualdade da Xunta de Galicia, permaneceu en dous centros municipais socioculturais desta cidade: Centro de Conxo "Aurelio Aguirre" e Centro de Vite "José Saramago".
Dentro da exposición, aberta a toda a cidadanía; realizáronse visitas guiadas para nenos e nenas dos centros de ensino desta cidade.

Esta exposición recolle en imaxes unha pequena mostra das variadas actividades que as mulleres galegas realizaron ó longo do século XX. É un recoñecemento ó seu esforzo.

O obxectivo da exposición é acada-lo necesario na sociedade do avance da situación da muller nos diferentes eidos: económico, cultural, educativo, laboral... para así, coñecendo o camiño, chegar ó noso destino final que non é outro que unha sociedade igualitaria, plurar e democrática.

IV. Visitas guiadas á Exposición "Rostros da Terra" de Compostela 2000

"Os Rostros da Terra" foi unha exposición de "Compostela 2000" (en colaboración coa Comisión europea) que pretendeu dar unha visión global do noso planeta.
Para transmitir este visión utilízase a cartografía como ciencia encargada da representación a escala da realidade do mundo, desde a súa proxección histórica, actual e futura.

A exposición está organizada a diferentes áreas, que transportarán ó visitante a través do tempo e do espacio e que, partindo da xénese do Sistema Solar e da Terra, fan un percorrido pola historia do home, falándonos desa necesidade súa por domina-lo contorno, descubrir novos territorios e, en consecuencia, a súa interpretación e representación.
Para efectuar este percorrido, utilízanse audiovisuais, animación en 3D, sistemas interactivos, efectos especiais, luminotecnia, etc.

A exposición estivo en Santiago dende o mes de maio ata o mes de xullo de 2000 no Campo dos Salgueiriños.

A concellería da Muller dentro do seu obxectivo de fomentar e facilita-la participación das mulleres en actividades culturais, educación para cultura e achega-la cultura ás mulleres, levou a cabo estas accións:

- Difundir información sobre a exposición, mediante o envío a cada asociación e colectivo de mulleres de compostela, do díptico divulgativo.
- Ofertar ás asociaciónes de mulleres e vocalías da muller de AA.VV. un servicio de autobuses gratuíto para o traslado ó Campo de Salgueiriños.

V. Convenio coa Asociación Andaina con data 15 de maio de 2000

En Santiago, o 15 de maio de 2002 asinouse un convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural Andaina de Mulleres.

A asociación Andaina conta entre as súas actividades coa publicación dunha **Revista "Andaina"**; que está deseñada con seccións fixas: denuncias e comento, celebridades... sempre arredor de temas relacionados coa muller.

O concello de Santiago co obxecto de facilitar un fondo documental ás bibliotecas das asociacións de mulleres do noso concello e facilitar un instrumento de pensamento, e que sirva como canle de participación en prol da consecución da igualdade, proponse colaborar coa Asociación Cultural Andaina de Mulleres co fin de achegar a tódolas asociacións de mulleres esta revista.

O concello de Santiago co fin de dar cumprimento ós obxectivos expostos neste Convenio, adquirirá a cantidade anual de 300 exemplares, distribuídos a razón de setenta e cinco exemplares ó trimestre.
A distribución será levada a cabo polo propio Concello de Santiago a través da Concellería da Muller quen o fará chega a tódalas asociacións de mulleres do noso municipio.

VI. Festival de música "Son delas" no Teatro Principal o día 8 de marzo de 2000

O día 8 de marzo de 2000 as 20.30 horas no Teatro Principal tivo lugar o Festival de Música "Son delas". O cantar das mulleres, a cargo de :

VII. Exposición fotográfica "Os outros barrios: unha visión a través das súas mulleres":

A concellería da Muller en colaboración co Grupo de estudios sobre a condición da muller "Alecrín" organizou na Aula de Cultura de Caixa Galicia, entre o día 5 e o día 31 de marzo de 2001, unha exposición titulada "Os outros barrios: unha visión a través das súas mulleres".

A exposición constaba de 40 fotografías realizadas por mulleres prostituídas nas cidades de Vigo, Lugo, Compostela e Ourense.
Ditas fotografías están feitas cunha cámara elemental de usar e tirar, cada muller aporta a realidade que elexíu e ponlle título.

VIII. Actos conmemorativos do 8 de marzo, Día Internacional da muller 2001

En conmemoración do día 8 de mar do ano 2001; a Concellería da Muller, organizou os seguintes actos:

- Ciclo de cine: "As outras tamén son elas", na Aula de cultura de Caixa Galicia. Do dia 12 ó día 26 de marzo proxectáronse as seguines películas: "Más fuerte que su destino", "Living Las Vegas" e "Nacional VII"
- Ciclo de conferencias "As outras tamén son elas". Aula de cultural de Caixa Galicia:
  - 13 de marzo. "Conferencia sobre a problemática da muller afghana" a cargo dunha respresentante da asociación RAWA.
  - 14 de marzo: "Prostitución, un debate" a cargo de Ana Miguez, presidenta da asociación "Alecrín".
  - 22 de marzo. "A fotografía en feminino" coa participación de fotoperiodistas de La Voz de Galicia e El Correo Gallego.
  - 27 de marzo. "A emigración invisible, a trata de blancas" coa participación de Gloria Porto (traballadora social do Centro de Día de mulleres prostituídas), Laura Bugallo (migración da CIGA) e Cristina Garaizabal (fundadora do colectivo Hetaira, de defensa dos dereitos das mulleres prostitutas en Madrid).
- Semana de cine Homenaxe á directora Pilar Miró. Do día 26 de marzo ó 1 de abril, proxectáronse no Teatro Principal as seguintes películas: Infiel de Liv Ullman, La vida soñada de los ángeles de Eric Zoncka, Oleanna de David Mamet e Anges Brown de Anjelica Huston.
- 18 de marzo. Representación de Títeres na sala Santyago. A compañía Títeres Cachirulo respresentou a obra: "Arthur e o enigma".

IX. Representación da obra de teatro: "A Bella Otero" decembro 2002

O día 9 de decembro de 2002 a concellería da Muller invitou a tódalas mulleres de compostela a representación no Teatro Principal da obra de teatro "A Bella Otero".

Esta representación correu a cargo da Compañía de Teatro Arte Livre do Brasil e, en concreto a cargo de Roberto Cordovani.

Esta obra de teatro parte dunha invitación da autora galega Marga doVal (autoria de biografía de Carolina Otero, editada por A Nosa Terra) para o actor Roberto Cordovani, para poder representar esa muller complexa, revolucionaria e polémica.

X. Representación da obra de teatro: "Comisaria especial de mulleres"

O día 8 de xuño de 2002 a concellería da Muller invitou a tódalas mulleres de compostela á representación no Teatro Principal da obra de teatro "Comisaria especial para mulleres".

Esta representación correu a cargo da Escola de Teatro Liceo de Noia e foi dirixida por Manuel Sabuín.

Comisaria especial para mulleres foi escrita en 1986 por Alberto Miralles e traducida ó galego para esta ocasión por Aurora Marco.
Nesta obra de teatro xúntanse catro mulleres, protagonistas dunha noite lunática na que teñen que enfrontarse con todo o que se lles presenta nese día frenético e inésperado: drogadicción, maltratos, conflictos familiares...

XI. Representación da obra de teatro: "Decorcheas"

O día 11 decembro de 2000, no Teatro Galán, rúa Gómez Ulla, 7, tivo lugar a representación da obra teatral DECORCHEAS, da autora e directora María Armesto e interpretada por Casilda García, María Costas, Pepa Barreiro e Sonia Rúa, dentro dos actos conmemorativos dos "Dezaséis días de activismo contra a violencia cara ás mulleres"organizado pola Concellería da Muller.

Decorcheas, nace dunha necesidade de contar, de expresar. Nace da auto observación e da creencia de que aínda quedan espacios por descubrir, dentro e fora das mulleres.
É unha obra que narra a historia de catro mulleres de distintas procedencias que viven soas, se atopan nunha clase de tai-chi e se fan amigas. A partir de enton descubren unha nova visión de sí mesmas e sobre a soedade.

XII. Conferencia sobre "a situación das mulleres mayas"

A concellería da Muller, e con carácter de denuncia social, organizou o día 31 de outubro de 2001 na Aula de Cultura de Caixa Galicia, unha **conferencia sobre "a situación das mulleres mayas", que foi levada a cabo por Rosalina Tuyuc Velásques.**

Esta muller maya que conta cun amplo currículum e participación en distintos foros, conferencias, seminarios... asume o cargo de primeira vocal da Xunta Directiva da Asociación Política de Mulleres Mayas en Guatemala, asimesmo, é coordinadora da Comisión de Acceso á Xustiza para os Pobos Indíxenas en Guatemala, tamén forma parte do Consello Asesor en temas de Xénero e Pobos Indíxenas do Banco Interamericano de Desenvolvemento.

XIII. Representación da obra de teatro: "Baby Boom no paraíso"

A concellería da Muller organizou o día 3 de novembro de 2001 no centro sociocultural José Saramago de Vite, a representación da obra "Baby Boom no paraíso" de Ana Istarú, a cargo da compañía Rara Avis Teatro.

XIV. Corpos de producción.

Corpos de producción

Un proxecto de intervención no espacio urbano de Santiago de Compostela; miradas críticas e relatos feministas en torno aos suxeitos sexuados nos espacios públicos.

Construímos a nosa identidade e a nosa propia idea de realidade a partir das imaxes que atopamos a cotió; entre elas, o poder da publicidade, dos valos luminosos das rúas, coma o da televisión é irresistible incluso cando nos a vexamos conscientemente; ¿cántos destes adormentadores textos visuais cruzamos da casa ao traballo?.
As pernas, os corpos, os rostros das e dos modelos fíxanse nos nosos sentidos. Sendo conscientes destes espello rendibilizador e vixiante, corpos de producción proponse como unha mirada crítica aos suxeitos sociais sexuad@s representad@s a cotió nos espacios públicos no marco destes mesmos territorios,unha metamorfose resignificadora desde algúns discursos plurais sobre as imaxes que conforman o noso imaxinario colectivo.
Este proxecto está coordinado por Uqui Permui e María Ruido, colaborando no mesmo a concellería da Muller do Concello de Santiago, a Universidade de Santiago de Compostela e o Centro Galego de Arte Contemporánea.

O proxecto ten tres fases que se explican a continuación:

- Unha intervención na rúa, que se levou a cabo durante o mes de marzo de 2002 no mupis de compostela, elaborados por Xoan Antelo, Manuel Olveira, Camer Nogueira, Toñi Doñate, María Ruído e Uqui Permuy.
- Un encontro de artistas no mes de setembro, co obxecto de poñer en común unha ampliación do proxecto realizado en marzo.
- Un seminario teórico-artístico a celebrar en marzo de 2003, no que se propoñen como estudio:
  - As identidais sexuais e a crítica feminista nos medios
  - Prácticas artistas, socioloxía e política. A presencia do feminismo na novas prácticas e a visibilidade das mulleres na esfera pública.
  - Cine, video e literatura
  - Arte/institucións artísticas, arquitectura, urbanismo

EDUCACIÓN

A nivel local ainda que hai competencias moi limitadas, e o protagonismo centráse nas actividades extraescolares e na educación de adultos/as; levaronse a cabo as seguintes accións:

I. Curso de preparación para obtención do título de graduado escolar, durante os anos 2000-2001 e 2001-2002.

Tendo en conta que a realidade existente no Concello de Santiago, segundo se desprende dun estudo realizado no ano 1999, existe arredor **dun 8% (400-500) mulleres que carecen de formación básica** e, existindo ,segundo apunta dito estudo, unha necesidade de máis formación para poder acceder ou mellorar a entrada de moitas mulleres no mercado laboral e en definitiva, poder acadar unha maior calidade de vida.

Vendo tamén, que existen unha serie de factores que poñen de manifesto que estas mulleres constitúen un colectivo de alto risco, debido a unha carencia de formación básica, que provoca unhas condicións desfavorecedoras da condición de muller: merma da súa autonomía para desenvolverse con liberdade na nosa sociedade, reducción considerable das expectativas laborais, moi baixa autoestima, etc.

O Concello de Santiago decideu no ano 2000 por en marcha un curso de preparación das probas para a obtención do graduado escolar, co seguinte obxectivo básico, que é **proporcionar ás mulleres do Concello de Santiago que carecen de estudos a formación necesaria para o seu desenvolvemento como persoas con autonomía na nosa sociedade**. Para isto atenderase non só o ámbito dos coñecementos senon tamén das habilidades e actitudes, tendo **como meta a obtención do graduado escolar** mediante as probas libres que convoca a Administración (Consellería de Educación), posibilitando asi mesmo o acceso a niveis formativos superiores; sempre dende a perspectiva das mulleres facendo una revisión dos valores que ofrece a escolar e incorporándoos ós valores femininos.

A concellería da Muller organizou, a partir do ano 2000, un curso anual de outubro a setembro de preparación para a obtención do título de graduado escolar dirixido a mulleres.

As destinatarias do citado curso foron e son mulleres adultas, sen titulación que desexaban obter o título de graduado escolar.

Esta formación permitiríalle poder acceder a este título, previo paso por un exame que fai anualmente a Consellería de Educación en dúas convocatorias anuais: xuño e setembro.
A concellería realizou e preparación a cargo dunha profesora-tutora de apoio para preparar o temario oficial.

Curso 2000-2001

A concellería da Muller organizou un curso de preparación para a obtención do título de graduado escolar; dado que no 2001 ian convocarse as duas derradeiras probas para a obtención do citado título e coa finalidade de poder ofertas ás mulleres de compostela unha formación para esta derradeira oportunidade.

Os grupos formados foron os seguintes:

- *Vocalía da muller da AA.VV. A Xuntanza- 2 grupos- 16 horas á semana*
- *Vocalía da muller da AA.VV de Bando, 5 horas semanais*

O curso tivo unha duración comprendida entre o mes de novembro de 2000 e o mes de setembro de 2001, do mesmo é necesario destacar os seguintes datos:

- Tipo de actividade: Preparación de probas de gradudado escolar
- Número de grupos: 3
- **Número de alumnos/as propostos/as para probas: 27**
- **Relación de alumnos/as que aprobaron: 21 persoas aprobaron todo e obtiveron o Título de Graduado e 6 persoas aprobaron algunha área.**

Curso 2001-2002:

Consonte a Resolución do 5 de abril de 2001, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional da Xunta de Galicia, prorrogouse ata o remate do curso 2001/02, a realización das probas extraordinarias para a obtención do título de graduado escolar.

En base a esto, a concellería da Muller decidiu convocar un novo curso de preparación para a obtención do graduado escolar:

Os grupos formados foron os seguintes:

- *Vocalía da muller da AA.VV. A Xuntanza- 2 grupos- 16 horas á semana*
- *Vocalía da muller da AA.VV de Bando, 6 horas semanais*
- *Asociación de veciños O Castiñeiriño, a razón de 6 horas semanais*

O curso tivo unha duración comprendida entre o 1 de outubro de 2001 e o 4 de setembro de 2002, do mesmo é necesario destacar os seguintes datos:

- Tipo de actividade: Preparación de probas de gradudado escolar
- Número de grupos: 4
- **Número de alumnos/as iniciais: 67 persoas**
- Número de alumnos/as que abandonaron a actividade: 12 persoas
- **Número de alumnos/as propostos/as para probas: 43**
- **Relación de alumnos/as que aprobaron: 38 persoas aprobaron todo e obtiveron o Título de Graduado e 5 persoas aprobaron algunha área.**

II. Curso de preparación para obtención do titulo de graduado en educación secundaria 2002-2003

A concellería da Muller continuando coa súa línea de formación dirixida a mulleres e coa finalidade de ofertarlles a oportunidade de completar os seus estudios, organizou para os anos 2002-2003 **un curso de preparación das probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria para persoas maiores de dezaoito anos. (**Orde de 2 de abril de 2002 pola que se regulan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria para persoas maiores de dezaoito anos)

Os datos técnicos deste proxecto son os seguintes:

- **Data de comenzo: 11 de novembro de 2002**
- **Data de remate: o día anterior á data das probas na convocatoria de setembro de 2003; data que publicará no seu día a Consellería de Educación**
- **Duración: 10 meses**
- **Horas semana:**
    - **Grupo Bando- 6 horas**
    - **2 Grupos Xuntanza- 16 horas**
    - **Grupo Castiñeiriño- 6 horas**

O número total de personas participantes no mesmo é de 47, distribuidas da seguinte maneira:

- Grupo de Bando- 7 personas
- Grupo de Castiñeiriño- 11 personas
- 2 Grupos de A Xuntanza: 29 personas

III. Taller de non violencia dirixido ós centros de ensino medio de compostela

Proxecto levado a cabo dende setembro a decembro de 2000, que consistiu na implementación nos centros educativos de secundaria da cidade dunha unidade didáctica realizada polo Colectivo do Rosa ao violeta, coordenado e planificado todo nun proxecto que se desenvolve dende a Concellería da Muller.

Abordaronse temas relacionados coa violencia de xénero axeitados para as idades dos alunos/as (14 a 18 anos): definición da violencia de xénero, a xustiza e a violencia contra ás mulleres, a violencia na escola, a violencia nos medios de comunicación, os ciclos da agresión, as casa de acollida na Galiza...; entre outros moitos de grande interese para conquerir unha completa formación na igualdade.

En xeral, os obxectivos deste proxecto eran os seguintes:

- ❖ Coñecer os conceptos previos do alunado sobre o tema da violencia de xénero.
- ❖ Adquisición de coñecementos relativos a temática, en grado suficiente para que estas novas xeneracións poidan alcanzar unha maior igualdade.
- ❖ Creación dun grupo permanente de traballo do tema nos centros escolares.
- ❖ Análise e plantexamento de novas estratexias de acción nas mulleres cara á definición de que é a violencia de xénero e como podemos erradicala ou polo menos disminuír.

Este proxecto foi ofertado ós 23 Centros Educativos do Concello de Santiago de Compostela, que imparten ensinanzas nos grados de 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato, calqueira rama de FP.

Os centros que participaron no proxecto foron un total de **dezaseis,** en canto ao profesorado implicado esta ao redor **de 54 profesores/as que**

implementaron a unidade didáctica; e aproximadamente **1283 alunos/as que se beneficiaron do citado proxecto.**

Despois de dito traballo co alunado nas aúlas, a Concellería da Muller pudo extraer as seguintes conclusións do grado de coñecemento dos rapaces e rapazas en torno ó tema da violencia de xénero:

- O nivel de coñecemento das diferencias entre sexo e xénero é moi escaso
- E alto o descoñecemento sobre o recurso das casas de acollida.
- A maioria dos rapaces/as teñen identificado un modelo de agresor determinado. Se pode falar de determinados estereotipos.
- Identifican maioritariamente o maltrato como fenómeno existente en todo o mundo.
- O alunado propón determinadas medidas de loita contra a violencia: aumento condeas, leis máis duras, educación na igualdade...

IV. Taller de non violencia dirixido ás asociacións de mulleres de compostela.2000

Este proxecto foi ofertado a tódolas asociacións de mulleres de Santiago; tendo en conta da importancia de traballar coas mulleres que forman parte da vida asociativa e comunitaria da nosa cidade, como punto de referencia dende onde se poder empezar a cambear as actitudes para conquerir unha maior igualdade e equidade das mulleres na sociedade.

O proxecto pretendeu conquerir estos obxectivos:

- Revalorizar os valores e a experiencia do feminino no que ten de positivo para o xénero humano.
- Revisar accións a nivel da sociedade cara a poder conquerir un espíritu crítico a favor do non sexismo.
- Aprender a apoiar e fomentar os casos de transgresións dos roles
- Aprender a coñecer a realidade específica da muller
- Avaliar a actitude da muller cara ao propio papel que ela desenvolve na sociedade
- Aprender a ver a necesidade de que a realidade se adecúe ás necesidades das mulleres.

O número total de asociacións que partiparon no proxecto foi de seis.
O número total de mulleres participares foi de 80 persoas.

O traballo articulouse ó redor da proxección das seguintes películas: ”Soas”, “Os mellores anos da miña vida”, “Ladybird, Ladybird”, coa finalidade de levar a cabo un posterior debate reflexión.
Preténdese a través destes films, incidir na toma de conciencia e na prevención do maltrato. Para facelo máis operativo, distribuense en tres sesións, articuladas en tres áreas:

- Módulo 1.- Conceptos: Sexo e Xénero. Socialización xenérica
- Módulo 2.- A parella e a familia
- Módulo 3.- O maltrato.

V. Elaboración dunha unidade didáctica sobre a violencia de xénero e implementación nos centros educativos de compostela, vinculada á exposición sobre a mutilación xenital feminina “O día que Kadi perdeu parte da súa vida”

A concellería da Muller ante a gravidade que continúa alcanzando o tema da violencia de xénero e sendo conscentes de que a igualdade, a colaboración entre homes e mulleres e o respecto da dignidade humana deben permear tódolos estadios do proceso de socialización. Os sistemas educacionais deberían promove-lo respecto propio, o respecto mutuo e a cooperación enre mulleres e homes.

En base ó anteriormente exposto, esta concellería decidiu elaborar unha unidade didáctica sobre a violencia de xénero, unidade dirixida ao alunado da 2ª etapa da ESO e do ensino post-obrigatorio. A unidade didáctica foi elaborada polo Colectivo de Mulleres ensinantes “Do rosa ao violeta”.

A unidade didáctica divídise en dúas partes: a primeira corresponde ós contidos teóricos de información e reflexión sobre as diferentes formas que adopta a violencia que sofren as mulleres na actualidade e a segunda, é unha parte práctica con múltiples propostas de traballo concreto cos alunos/as nas aúlas (propostas diversas para dar opción ó traballo nas diferentes materias).
Algunhas das actividades presentadas están pensadas como complemento á exposición “O dia que Kadi perdeu parte da súa vida”, que trata da mutilación xenital feminina e promove Médicos-Mundi en colaboración co Concello de Santiago.

VI. Convenio coa Universidade de Santiago para a posta en marcha do Máster: “Xénero, educación e igualdade” outubro de 2000

O concello de Santiago e a Universidade de Santiago asinaron un convenio de colaboración en outubro do ano 2000 co obxectivo da posta en marcha do Máster: Educación, Xénero e Igualdade.

O concello de Santiago, a través da Concellería da Muller e en base ó citado convenio concedeu unha axuda económica que ascende á cantidade de 1.800 € ó Departamento de Socioloxía e Ciencia Política e da Administración da Universidade de Santiago, para a realización do citado Máster.

O Máster sinalado, o único e primeiro na súa clase nunha universidade galega, constitúe un dos poucos cursos de postgrao na materia de xénero e igualdade no conxunto do ámbito español.
Con este programa **perséguese unha preparación especial dos profesionais da educación (profesoras/es, mestras/es, psicológas/os, etc.) cara a unha promoción real da igualdade entre varóns e mulleres na nosa sociedade**. Tales obxectivos contemplados, como ben é sabido, na lexilatura educativa vixente (LOGSE), por tal motivo, o proxecto arriba sinalado adquire especial relevancia académica, social e política.

O programa das materia impartidas é o seguinte:
Módulo I: Cuestións epistemolóxicas e metodolóxicas básicas das relacións de xénero en educación.
MóduloII: Marco lexislativo, políticas públicas e problemáticas específicas das desigualdades en función do xénero.
Módulo III: Procesos específicos de socialización e educación do xénero.
Módulo IV: Conferencias, seminarios, prácticas e visitas organizadas.

O Máster realizouse durante dous cursos académicos: novembro 2000-decembro 2001 e novembro 2001 a decembro de 2002.

VII. Ciclo de cinema para mulleres

Co motivo de conmemorar e recordar o día 25 de novembro de 2001 e partindo dunha proposta do grupo de traballo da área de violencia de xénero do Consello Municipal da Muller; a concellería da Muller organiza un ciclo de cinema dirixido ás mulleres de santiago e coa temática da violencia de xénero.

A planificación da actividade foi a seguinte:
Día 23 de novembro_ film:"Oriente é oriente"
Día 24 de novembro_ film: "Amores que matan"
Proxectados ambos films no Centro Galego de Arte Contemporánea.

Despois das proxeccións, levaronse a cabo propostas de traballo e debate para realizar coas mulleres que acudiron a ve-la película coa finalidade de sensibilizar, informar e crear opinión sobre a violencia de xénero.

VIII. *Ciclo de cinema na escola.*

Dentro da línea de traballo da concellería da Muller, con rapaces e rapazas dos centros de ensino e a súa formación e sensibilización no tema da violencia; no ano 2001 realizouse a seguinte planficación: a proxección do film Rosetta nos diferentes centros educativos de Santiago.

Esta actividade realizouse en colaboración con Caixa Galicia e proxectouse na Aula Social de Caixa Galicia, ofertándose a tódolos centros de ensino da cidade. Este filme está dirixido a alunos/as dos dous últimos anos da E.S.O e de Bacharelatos, e foi un ciclo a desenvolver os días 20, 21 e 22 de novembro do presente ano.

Á proxección da película acompáñase unha proposta de traballo, con actividades concretas a realizar co alunado, coa finalidade de potenciar nos mozos e mozas un espíritu crítico, capacidade de análise doutras realidades e circunstancias , e sensibilizalos en relación as dificultades que se lle plantexan a moitas mulleres polo feito de ser mulleres e a violencia que están a sufrir ainda neste días.

Os centros participantes na citada actividade foron os seguintes:

- I.E.S Lamas de Abade
- I.E.S. Xélmirez I
- I.E.S. Antón Fraguas
- Colexio Santa Apolonia
- Colexio Peleteiro
- Colexio La Salle

O número de alunos/as participantes no citado proxecto ascendeu a 1.270 rapaces e rapazas.

IX. *I e II edición do Concurso de cartazes sobre a violencia de xénero, realizado en colaboración coa Obra social de Caixa Galicia e dirixido ós centros escolares de Santiago.*

Esta actividades realizanse en colaboración coa Obra Social de Caixa Galicia.

A Concellería da Muller do Concello de Santiago de Compostela, dentro do programa de prevención da violencia contra as mulleres, consciente da importancia do papel da educación escolar na adquisición de hábitos e concienciación sobre as necesidades de erradicar os comportamentos contra das mulleres en calqueira da súas formas, convocou no ano 2001 entre tódolos alunos de entre 14 e 18 anos de E.S.O. e Bacharelatos, con motivo da celebración do Día Internacional para combater a violencia contra as mulleres, a I edición dun concurso explicativo sobre o tema.

O concurso "Educando na convivencia en igualdade" ten como lema "A miña visión da violencia de xénero" e o premio consiste: nun lote de material educativo para o centro ao que pertenza o gañador/a; e unha viaxe de carácter lúdico-cultural para toda a clase que pertenza a/o rapaz/a.

Na I edición do concurso participaron os seguintes centros educativos:

- I.E.S. Pontepedriña
- I.E.S. Rosalía de Castro
- Colexio La Salle
- I.E.S. Xelmírez I
- I.E.S. Xelmírez II
- Colexio Santa Apolonia

Este centros presentaron un total de 179 debuxos

A II edición do concurso de cartazes foi convocado o día 25 de novembro de 2002 e remata o prazo de presentación dos traballos o día 31 de xaneiro; o fallo do xurado fárase público o día 8 de marzo de 2003, dentro dun acto no que se fará entrega do premio ó gañador ou gañadora.

FORMACIÓN OCUPACIÓN E EMPREGO

I. Talleres de técnicas de búsqueda de emprego dirixidos a mulleres

A concellería da Muller en colaboración coa concellería de Promoción económica e emprego promoveron a organización de cursos de Técnicas de busca de emprego" dirixidos a mulleres e levados a cabo pola Axencia de desenvolvemento local.

Estes cursos realizados a principios do ano 2002 tiñan como obxectivo xeral o seguinte:

Axudar á definición e execución dun plan persoal de búsqueda de emprego que permita o achegamento ás ofertas de emprego e á actividade laboral.

Os obxectivos específicos eran os seguintes:

- Reflexionar en torno ó mercado de traballo e especialmente sobre o lugar e posibilidades da muller.
- Favorecer nas participantes a capacidade para discernir sobre os seus intereses e capacidades profesionais, como base para trazar un itinerario ou plan de búsqueda de emprego.
- Informar e adestrar en Técnicas e habilidades para a búsqueda activa.

II. Conferencia informativa sobre a entrada do Euro o día 19 de xuño de 2000 na aula sociocultural de Caixa Galicia e dirixida ás mulleres de Santiago.

A concellería da Muller organizou unha conferencia informativa sobre a implantación da moeda única europea: O Euro.
Dita conferencia tivo lugar o día 19 de xuño na aula sociocultural de Caixa Galicia e foi impartida polo persoal do Servicio de Información sobre o euro da Fundación Caixa Galicia.
A asistencia á mesma foi de 125 mulleres de entre diferentes asociacións, colectivos da muller e vocalías da muller de AA.VV. desta cidade.

III. Cursos de informática para mulleres durante os periodos: 2001-2002 e 2002-2003 (outubro-xuño):

A concellería da Muller dentro da súa línea de formación dirixido a mulleres, organizou cursos de informática durante dous cursos: 2001-2002 e 2002-2003 coa finalidade de permitir ó acceso ás novas tecnoloxías.
Estes cursos organizáronse en colaboración co Navegaweb de Telefónica.

Estos cursos están divididos en catro módulos de 20 horas cada un:

- Iniciación á informática
- Correo electrónico
- Internet
- Word

No curso 2001-2002 partiparon un total de 50 mulleres.

No curso **2002-2003, que comenzo en novembro de 2002, están anotadas un total de 40 mulleres.**

IV. *Servicio de canguros:*

Ver apartado 3. Estructura permanente da Concellería da Muller

V. Cursos: "Claves para mellora-la comunicación oral"

A Concellería da Muller puxo en marcha no ano 2002, 3 cursos denominados: "Claves para mellora-la comunicación oral", coa finalidade de proporcionar ás mulleres a oportunidade de mellorar a capacidade para falar en público, tanto en canto á expresión oral/xestual, como á elaboración da mensaxe.
É,polo tanto e ao propio tempo, un curso de iniciación á oratoria e á retórica.

Os contidos dos cursos son os seguintes:

- Introducción: "Comunicar mellor"
- Definición dos distintos públicos e posibles escenarios (medios de comunicación, actos públicos, reunións de traballo...)
- Coñecemento dos recursos técnicos (microfonía e megafonía, espacios televisivos...)
- Organización do discurso: concreción da mensax. Mecanismos de expresión: linguaxe oral, linguaxe xestual, linguaxe corporal, outros.
- Exploración das propias capacidades (fortalezas e debilidades)
- Aprendizaxe de exercios para mellorar a propia capacidade de expresión.

Os tres cursos realizáronse nos meses de maio, xuño e outubro de 2002; cada un deles tivo unha duración de 12 horas impartidos en catro sesións de tres horas cada un.
O número total de mulleres que asistiron ós mesmo foi de 34.

VI. Obradoiro de formación sobre educación afectivo-sexual

A concellería da Muller colaborou con Xeneme, intervención social, na organización dun obradoiro de formación sobre a educación afectivo- sexual na nosa cidade. Tamén colaboraron, o Servicio Galego de Igualdade e o Colexio de Educadores Sociais de Galicia.

Os días 19, 20 e 26 e 27 de abril de 2002 no Centro sociocultural de Fontiñas, procedeuse á celebración do obradoiro de educación afectivo-sexual.

Os principais contidos do curso foron os seguintes:

- A educación afectivo sexual (¿que se entende por sexualidade, polo sistema sexo-xénero, por educación afectivo-sexual, etc?.
- O deseño de proxectos de E.A.S. eficaces.
- Unha mesa redonda sobre diferentes ámbitos de intervención con mulleres dende unha perspectiva de xénero; na que participou presencialmente a concellería da Muller.

VII. Curso de Teatro para mulleres

A concellería da Muller organizou os días 11 e 12 de decembro un curso de teatro dirixido ás mulleres de Santiago.

O citado curso foi impartido por Roberto Cordovani (Compañía Internacional de Teatro Arte Livre do Brasil).

URBANISMO

Os municipios deben crear un hábitat que contribúa a unha maior calidade de vida, de homes e mulleres, facilitando ó acceso a tódolos servicios locais e favorecendo unha mayor participación cidadá na vida comunitaria, contribuíndo a unha maior visibilidade da muller.

I. Proposta de darlle nomes de mulleres a un polígono de vivendas en compostela.

II. *Eliminación de barreiras arquitectónicas*

PROMOCIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL

I. Creación do Consello Municipal da Muller:

O día 4 de setembro de 2000 publicase no BOP o Regulamento do Concello Municipal da Muller.

A concellería da Muller pretende coa creación deste Consello, como órgano consultivo, **garanti-lo dereito á participación na vida municipal das cidadás compostelás; tendo en conta as características específicas do colectivo social ó que vai dirixido e ás particularidades organizativas que lle son propias.**

Os obxectivos do Consello Municipal da Muller son os seguintes:

- Estudiar e emitir informes sobre os temas que considere de interese para a muller.
- Promover e dar prioridade ás iniciativas da Concellería e doutras institucións, derivadas das análises, estudios e demandas realizadas sobre temas relativos á muller.
- Potencia-la coordinación entre as institucións que actúen neste eido en Santiago de Compostela.
- Propoñer actuacións e acordos ás diversas concellerías, á corporación, ós consellos municipais e a cantas outras institucións incidan coas súas actuacións, ou coas súas omisións, no ámbito da muller.
- Analiza-las actuacións e intervencións que no ámbito da muller se produzan no municipio para darlles respostas.
- Información, debate e difusión dos temas e dereitos das mulleres.
- Promove-la presencia e a participación das mulleres en tódolos ámbitos.
- Apoio e fomento do asociacionismo das mulleres para acadar maior participación e solidaridade.

Nas nove reunións de traballo realizadas, sentaronse as bases dun traballo consensuado a favor das mulleres da nosa cidade, definindo ás líneas de actuación da propia Concellería da Muller

II. Establecemento dunha línea de subvencións anuais dirixidas ás asociacións e colectivos de mulleres de compostela

Bases convocatoria de subvencións da concellería da muller do concello de santiago de compostela.

1. Obxecto.

Co obxecto de asegura-los principios de publicidade, concorrencia e obxectividade no seu outorgamento, a Concellería da Muller do Concello de Santiago de Compostela convoca concurso para a concesión de subvencións para a realización de programas e actividades a desenvolver por entidades que traballan no eido da muller, que favorezan o seu desenvolvemento integral, promovan a súa participación activa en tódolos ámbitos e contribúan a facer efectiva a igualdade entre homes e mulleres. En ningún caso se subvencionarán os gastos derivados de aluguer de locais ou mantemento destes.

A concesión da subvención correspóndelle ó alcalde do Concello de Santiago, previo informe e proposta preceptivos da Concellería da Muller, e consonte os seguintes criterios:

a) Colaboración co concello no desenvolvemento da súa actividade dirixida á muller.

b) Carácter periódico e permanente das actividades obxecto da subvención.

c) Contribución á resolución no ámbito municipal, das problemáticas existentes no eido da muller.

d) Ámbito de aplicación do programa e o colectivo da poboación beneficiaria, directa ou indirecta, con indicación do perfil e número.

e) A calidade de planificación do programa de actividades e a súa oportunidade.

A contía económica das citadas subvencións para o ano 2003 ascende á cantidade de 18.000 €

III. Apoio á Coordenadora Nacional Galega da Marcha Mundial das mulleres ano 2000

En 1995, a Federación de Mulleres de Québec organizou unha marcha de 200 km. co lema “Pan e Rosas”, marcha contra a pobreza. Animadas polo seu éxito decidiron volver a repetila e propuxéronlle ós movementos feministas de tódolos recunchos do mundo **“unha marcha de mulleres contra a pobreza e a violencia de que son víctimas”.** Este acontecemento previsto para o mes de outubro do ano 2000 vai mobilizar a máis de 4.000 grupos de mulleres en 153 países.

Este movemento de mulleres puxo en marcha plataformas nos diferentes países, con reinvidicaciones concretas ós seus propios gobernos. **No caso de Galicia, este movemento organizou para o día 2 de xullo ás 13.00 horas do mediodia, un encontro na praza de Cervantes, en Santiago de Compostela, e unha festa reinvindicativa durante o resto da tarde** esixindo medidas concretas de aplicación, medidas contra a violencia de xénero, medidas concretas para rematar con todo tipo de discriminación nunha táboa reinvindicativa que abrangue 39 puntos.

A concellería da Muller colaborou activamente coa Coordenadora Nacional Galega da Marcha Mundial das Mulleres con estas duas accións:

- *Publicación e posterior distribución dun díptico informativo que contiña o manifesto da Federación de Mulleres de Québec.*
- *Concesión dunha axuda económica que ascendeu a 601 € para a citada Coordenadora Nacional coa finalidade de apoiar a organización do encontro do día 2 de xullo.*

DEPORTE

I. Cursos de Promoción e fomento da práctica deportiva dirixidos a mulleres: Natación 1999-2000

A concellería da Muller en colaboración coa concellería de Deportes organizou durante os anos 1999 e 2000, cursos de natación dirixidos a mulleres da nosa cidade na piscina municipal de Sta. Isabel.
O número total de mulleres que participaron en ditos cursos foron 175.

3. ESTRUCTURA PERMANENTE DA CONCELLERÍA

A Concellería da Muller do Concello de Santiago de Compostela ten neste muncipio a responsabilidade de promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a través da detección e eliminación das discriminacións directas e indirectas (especialmente a través de accións positivas destinadas a facer realidade a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes) así como a integración da dimensión do xénero en tódalas accións que se poidan levar a cabo desde o Concello.

Para todo ilo dispón dunha estructura permanente e estable, que se explica a continuación:

a. Servicios:

i. Asistencia xurídica gratuita

O servicio da Asistencia Xurídica Gratuita ás mulleres víctimas da violencia doméstica ven precedido dun traballo elaborado pola Concellería da

muller que se concreta no desenvolvemento dun Convenio suscrito co Ilustre Colexio de avogados de Santiago de Compostela.

De seguido faise a exposición do traballo desenvolvido pola Concellería ata a súa plasmación no Convenio de Colaboración co Colexio de avogados.

ANTECEDENTES

1. "XORNADAS SOBRE FAMILIAS MONOPARENTAIS"

(25 de novembro de 2000)

Co gallo da celebración do *Día Internacional de Non violencia contra das Mulleres,* a Concellería da Muller do Excmo. Concello de Santiago organizou unhas Xornadas baixo o título:"**Análise da situación da muller galega nas familias monoparentais".** Estas xornadas tiñan como obxectivo facer unha reflexión sobre a situación hoxe en día das mulleres como cabezas de familia, tendo en conta a nova realidade social e as novas problemáticas ás que se enfrontan. Nestas xornadas participaron as responsables nesta materia dos distintos Concellos de Galicia.

Conclusión común de todas as participantes foi a necesidade da creación dunha asistencia xurídica gratuita por parte dos Colexios de avogados de Galicia de cara ás mulleres víctimas de violencia doméstica, que no marco actual se atopaban nunha situación de desamparo cando se afrontaban a un xuízo de faltas.

A problemática que se viña producindo derivaba do feito de que neste tipo de xuízos, o agresor, na maioría dos casos, era o que asistía con representación letrada, posto que o normal é que sexa este o que ten os recursos económicos para afrontar os custos dunha representación. Por outra banda as mulleres, as verdadeiras víctimas da violencia, eran as que asistían solas, sen ningún tipo de representación letrada, situación que sen lugar a dúbida constituía unha indefensión para estas mulleres e supoñía a vulneración dun dos seus dereitos máis fundamentais como é o dereito a súa integridade física e psíquica.

2. PROPOSTA REMITIDA Ó PARLAMENTO GALEGO:

"A designación de avogado/a de oficio nos xuízos de faltas ás mulleres víctimas de violencia doméstica"

(6 de maio de 2000)

O día 6 de maio mantívose unha xuntanza no Excmo. Concello de Santiago, con motivo da convocatoria feita pola Concelleira-delegada da Muller, dona Encarna Otero Cepeda, a todas as Concelleiras dos grandes concellos de Galicia, a fin de trasladarlles e facelas partícipes entre outras temas de interese para as mulleres, dunha proposta (que xa fora debatida e estudiada na " Xornada sobre Familias Monoparentais") e que dende a Concellería da Muller do Concello de Santiago se estimaba urxente e necesaria:

"A designación de avogado/a de oficio nos xuizos de faltas ás mulleres víctimas da violencia doméstica".

Nesta xuntanza fíxoselles entrega do Estudio Xurídico sobre a viabilidade deste proxecto. Este estudio constaba de:

- Unhas reflexións sobre a realidade actual na defensa das mulleres víctimas de malos tratos e unha fundamentación xurídica na que basear o dereito das mulleres galegas á asistencia xurídica gratuita nos xuízos de faltas.

- Unha liña xurisprudencial do Tribunal Contitucional que viña a incidir en que *" o feito de que a asistencia letrada nos xuízos de faltas non sexa preceptiva, non supón obrigar ás partes a actuar personalmente, senón que as faculta para elexir entre a autodefensa e a defensa técnica. E isto conleva o dereito do litigante que non posúe de recursos económicos para sufragar un letrado da súa elección, a que se lle proporcione un avogado de oficio, se así o considera conveniente para a mellor defensa dos seus dereitos, sendo procente o nomeamento de avogado de oficio, cando se solicite e sexa necesario"* (STTC 212/1998)

- Tamén se aportou un Plan que o Goberno da Comunidade Autónoma de Andalucía estaba a levar a cabo para avanzar na Erradicación da Violencia contra as Mulleres. Neste Plan establécense entre outra medidas, a implantación dun Servicio de Defensa Legal para as mulleres víctimas da violencia doméstica nos xuízos de faltas e delictos.

Esta Proposta foi elevada ó Parlamento de Galicia, á FEGAP, e á Concellería de Familia, organismos estes dos que nos se recibiu ningún tipo de resposta.

Ante esta situación, comezáronse a buscar solucións alternativas para afrontar este problema, motivo polo que a Concellería da Muller do Excmo. Concello de Santiago promoveu un Convenio de Colaboración co Ilustre Colexio de Avogados de Santiago, de cara á implantación dunha quenda de oficio para a

asistencia nos xuizos de faltas ás víctimas da violencia doméstica que teñan a súa residencia no Concello de Santiago.

Este proxecto chegaría a culminar o día 20 de marzo de 2001.

CONVENIO DE COLABORACIÓN DO EXCMO CONCELLO DE SANTIAGO CO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-[1]

O día 20 de marzo de 2001 fírmase o Convenio de Colaboración entre o Excmo Concello de Santiago co Ilustre Colexio de avogados de Santiago de Compostela. A través deste Convenio fíxanse as condicións pola que se rexirá dita colaboración de cara á implantación e funcionamento dunha **quenda especial de violencia doméstica** de cara a asignación de avogados/as de oficio para a asistencia nos xuízos de faltas ás víctimas da violencia doméstica que teñan a súa residencia no Concello de Santiago.

Esta quenda especializada concretarase nas seguintes **FUNCIÓNS:**

1. Asistencia e orientación xuridica á victima, acompañandoa perante as instancias policiais ou xudiciais pertinentes, asi como prestándolle asistencia letrada nos xuízos de faltas, sen necesidade de que se acredite carencia de recursos económicos.

2. No suposto de que a víctima, tralo asesoramento recibido, decida emprender outro tipo de accións legais, informaráselle por parte do/a letrado/a que a asistiu inicialmente, sobre a posibilidade de tramitar o recoñecemento do dereito á Asistencia Xurídica Gratuita, en coordinación coa Concellería da Muller do Ecmo. Concello de Santiago.

   En caso de acreditarse a insuficiencia de recursos económicos, procederase ó nomeamento dun avogado/a de oficio, aínda que se trate dun suposto no que non sexa preceptiva a asistencia letrada.

Asimesmo prevese a realización de **INFORMES PERIÓDICOS:** Para garantizar o axeitado funcionamiento do Servicio, o Colexio deberá comunicar mensualmente á Concellería da Muller o número e tipo de actuacións feitas en virtude do presente Convenio.

Tamén se procede, para o seguemento e aplicación deste Convenio, á creación dunha **COMISIÓN MIXTA**: Esta Comisión estará integrada pola

[1] Xuntase o mentado convenio

Concelleira-Delegada da Muller, o Decano do Colexio de avogados e demais personas que se designen, podendo estas delegar en quen teñan por conveniente. **As Funcións básicas da Comisión son:**

1. Velar pola calidade e mellora dos servicios prestados.

2. Fixar criterios de coordinación con outras Institucións e Administracións que teñen como ámbito de actuación esta problemática.

3. Efectuar un seguemento sobre o funcionamento do servicio, con independencia da elaboración anual dunha memoria avaliativa da aplicación do convenio. E cantas outras cousas se estimen necesarias.

✓ Por parte da Concelleria da muller deuse publicidade de dito servicio a través **dunha tarxeta informativa** remitida ós colectivos de mulleres da cidade.

✓ O presente convenio de colaboración publicouse na revista do Ilustre Colexio de avogados " BIC" no exemplar de maio-xuño, así como tamén a tarxeta informativa elaborada pola Concellería da muller. [2]

Tal e como se desprende dos obxectivos a levar a cabo no propio convenio, faise necesaria unha especialización dos/as letrados/as integrantes desta quenda de oficio, polo que o Ilustre Colexio de avogados comenzou a impartición dos cursos de formación que se refiren a continuación:

20-27 DE ABRIL DE 2001/CURSOS SOBRE A LEI DE RESPONSABILIDADE PENAL DO MENOR, VIOLENCIA DOMÉSTICA E EXTRANXERÍA

Este curso, dunha semana de duración, encadrase dentro do ciclo de xornadas que o Colexio esta a levar a cabo co fin de que os colexiados/as estean ó dia nas grandes reformas lexislativas.

Este curso ten carácter obrigatorio para aqueles/as que queiran acceder á quenda de oficio especial que se vai establecer en materia de malos tratos.

24 e 25 de abril : Curso específico sobre Violencia Doméstica :

[2] Xuntase publicidade realizada.

Nestas dúas xornadas tratouse a problemática da violencia doméstica dende a súa prespectiva social e legal, sendo parte activa das mesmas as técnicas da Concelleria da muller.

23 de DECEMBRO de 2002: II CURSO SOBRE VIOLENCIA DOMÉSTICA

O Colexio de avogados organiza este curso para seguir co programa da formación dos/as letrados/as que integran a quenda especial de asistencia e asesoramento a víctimas de malos tratos.

Neste curso tratouse a problemática da violencia dende distintos frontes:

- Aspectos penais
- Aspectos xudiciais
- Valoración médico- forense
- Aspectos psicolóxicos
- " Servicio de atención a muller maltratada"

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE LETRADOS

(11 de xuño de 2001)

A xunta de goberno do Ilustre Colexio de avogados de Santiago de Compostela, en sesión celebrada o día 11 de xuño de 2001, realizou unha convocatoria para a selección de letrados/as para a quenda especial de violencia doméstica, menores e estranxeiría. O obxecto desta convocatoria era a de seleccionar ata un máximo de 26 letrados/as para a súa incorporación a dito servicio.

Os Requisitos para concurrir á selección son:

1. Ser colexiado exercente e residente do Colexio de avogados de Santiago de Compostela.

2. Ter 3 anos de antigüedade no exercicio da abogacía.
3. Que asistiran ó "Curso sobre a Lei de responsabilidade penal do menor, violencia doméstica e estranxeiría", celebrado no Colexio os días 20-27 de abril do presente ano.

Nas Bases da convocatoria regúlase o funcionamento deste servicio, prevendo no mesmo o establecemento dunhas **Listas de Gardas Semanais:** o letrado/a que se atope de garda deberá estar localizado durante esa semana para atender os casos urxentes, e os venres, das 12 ás 14 horas, deberá realizar a garda na sede do Colexio, atendendo e asesorando ós solicitantes deste sevicio e colaborando cos letrados coordinadores do Servicio de Orientación Xurídica.

SELECCIÓN DOS LETRADOS

(24 de xullo de 2001)

Por acordo da xunta de goberno do Ilustre Colexio de avogados de Santiago de Compostela, faise pública a *Lista dos letrados seleccionados* para a quenda especial de oficio de violencia doméstica, menores e estranxeiría.

Ademais, á vista do número de solicitudes presentadas polos letrados/as para cubrir este servicio, *a xunta de goberno acorda ampliar o número de prazas, pasando das 26 inicialmente previstas a un número de 35 prazas.*

AMPLIACIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL

(18 de febreiro de 2002)

A Comisión de Goberno da Excmo. Concello de Santiago de Compostela, acorda, en relación á proposta da Concelleira-Delegada da Muller relativa á revisión do importe do Convenio de Colaboración co Ilustre Colexio de avogados de Santiago: que *a cantidade estipulada como contribución do Concello quedará establecida en 3.005,6 Euros(500.000ptas).*

AVALIACIÓN DA POSTA EN MARCHA DO SERVICIO DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUITA ÁS MULLERES VÍCTIMAS DE MALOS TRATOS

Dende a firma do convenio de colaboración entre o Ilustre Colexio de Avogados e o Excmo. Concello de Santiago, ata a data de realización desta memoria,se beneficiaron deste servicio un total de 42 mulleres.

ii. Servicio canguros

Este servicio creado no ano 2002 adícase exclusivamente ó **coidado da prole das mulleres** que tentan amplia-la súa formación cara a unha mellor inserción laboral; mulleres que seguen algún itinerario de inserción laboral e noutro plano, atende-las situacións de emerxencia social: enfermidades graves, hospitalizacións, etc que impiden temporalmente o coidado da prole.
A atención non inclúe a realización de traballo doméstico, senón o coidado persoal.

O servicio realizase na **casa da beneficiaria** dende a hora solicitada ata que a usuaria regrese, hora que estará previamente estipulada, aínda que en ningún caso se deixarán ós nenos e nenas sós, ou ó coidado de menores de idade.

O servicio é como máximo de catro horas diarias, realizado nun horario comprendido entre as 8:00h e as 22:00 horas.

Os obxectivos plantexados con este servicios son:
1. Fomenta-la formación académica e ocupacional das mulleres
2. Favorece-la incorporación da muller ó emprego.
3. Potenciar e facilitar a participación das mulleres nas actividades de asociacionismo (A.N.P.A.s, movementos veciñais, asociacións culturais e femininas...)
4. Acadar tempo propio e persoal específico para cada muller.

Os motivos establecidos para poder ter dereito a este servicio son os seguintes:

1. **Ampliación de formación**: concederase o servicio polo tempo indispensable ata un máximo de catro horas diarias e durante o curso escolar ou no seu defecto por nove meses de duración
   - Alfabetización, estudios secundarios...
   - Universidade
   - Preparación de oposicións,
   - Cursos de formación ocupacional
   - Exámes e probas de avaliación presenciais

2. **Por motivos de traballo**:

- Entrevista de traballo, concederase o servicio polo tempo necesario para a realización da mesma, cun máximo de catro horas diarias.
- Probas de selección, concederase o servicio por un período máximo de quince días.
- Incompatibilidade laboral, con carácter xeral, concederase o servicio por un período non superior a un mes co obxecto de que a usuaria poida organizar durante este tempo o coidado das súas fillas e fillos unha vez finalice a prestación do servicio. Con carácter excepcional poderán concederse dúas prórrogas dun mes de duración, ata un máximo de tres meses, naqueles casos debidamente xustificados.

3. **Participación nas asociaciones de mulleres e socioculturais**: anpas, sindicatos, veciñais, etc.
   Neste caso farase un coidado colectivo dos menores no centro onde as nais realicen a actividade, polo que esta terá que dispor dun espacio habilitado cun material de entretemento e deberá reuni-las condicións de seguridade e hixiene necesarias para a atención das nenas e nenos segundo súas idades.

4. **Emerxencias**:
   Enténdese por emerxencia aqueles servicios que por unha causa de forza maior sobrevida fan necesario o coidado dos nenos e nenas ata a solución da razón que a xerou. Concederase o servicio polo tempo indispensable cun máximo de catro horas diarias.

DATOS DO SERVICIO DE ATENCIÓN DOMILICIARIA Á INFANCIA DURANTE O ANO 2002

Nº EXPEDIENTES INICIADOS DURANTE O ANO 2002	**27**
Nº DE MULLERES BENEFICIARIAS DO SERVICIO É necesario mencionar dentro do apartado de mulleres beneficiaria que hai duas mulleres que solicitaron o servicio en dous momentos temporais diferentes; incluindose a tal efecto como servicios diferentes.	**26**
Nº DE NENAS/OS BENEFICIARIOS DO SERVICIO	**41**
Nº DE SERVICIOS COMUNITARIOS	**3**

iii. *Casa de Acollida*

A concellería da Muller do Concello de Santiago dispón dun servicio específico e especializado de atención ás mulleres víctimas de violencia doméstica, que foi creado no ano 1995, e que é a ***Casa de Acollida para Mulleres víctimas de malos tratos***.

Este servicio ofrece unha alternativa de carácter urxente e temporal a mulleres que se atopan en situación de risco persoal na convivencia familiar debido a malos tratos físicos ou psicolóxicos, dando acollemento tamén ós seus fillos/as.

Dende a Concellería da Muller se proporciona orientación e tratamento dos problemas sociais, xurídicos e psicolóxicos.

- Obxectivos do Servicio Casa de Acollida:

Os obxectivos que se pretenden acadar son:
- Acollelas e darlles protección
- Axudalas a superar a fase de emerxencia a través do acollemento inmediato
- Fomentar a súa autonomía persoal
- Apoiar a súa promoción socio-laboral
- Protexer a súa integridade física e psíquica e a das súas fillas e fillos
- Normalización da súa vida na comunidade

Dende a data da creación deste servicio, asinouse un convenio coa Deputación de A Coruña no que o Concello de Santiago se compromete a reservar sete prazas para mulleres e nenos/as procedentes de concellos da provincia de Coruña que estén a sufrir unha situación de violencia.

A poboación que se beneficia dos servicios e programas desta concellería é, en primeira instancia, a poboación do Concello de Santiago, que en canto a número de habitantes pódese contabilizar un total de 95.881.
Pero además o servicio como a Casa de Acollida, atende tamén beneficiarias (mulleres e nenos/as) doutros concellos da provincia da Coruña e, incluso do resto de provincias da Comunidade Autónoma Galega.

- Prestacións:

A Casa de Acollida de Mulleres prestará ás residentes unha atención integral que incluirá entre outras, as seguintes:

a) Propias da casa: Aloxamento, refuxio, protección e manutención temporal para as residentes. Apoio educativo, social, de saúde e persoal para establecer unha convivencia sen violencia, tanto intrafamiliar como interfamiliar.
b) A través da asistencia do equipo da Concellería da Muller polos medios habituais e en xuntanzas semanais de ambos equipos.
   - Apoio psicolóxico
   - Apoio xurídico
   - Apoio social
   - Apoio laboral

Entre os anos 1999 e 2002 foron atendidas neste servicio un total de **159 mulleres e de 149 nenos/as, resultando un total de 308 personas.**

OCUPACIÓN CASA ACOLLIDA 1999-2002			
Anos	Mulleres	Nenos/as	Total
1999	43	37	80
2000	42	34	76
2001	38	48	86
2002	36	30	66
Total	**159**	**149**	**308**

Dende o inicio do seu funcionamento, en maio de 1995, ata finais do ano 2002 ingresaron no servicio Casa de acollida, 581 personas: 284 mulleres e 297 nenos/as.

Neste periodo 1999-2003 e en relación ó servicio Casa de Acollida, hai que destacar a **aprobación dun novo Regulamento de funcionamento**.

O Concello de Santiago, logo de estudios diversos e trala experiencia de nove anos de atención especializada ás víctimas da violencia, valora a *necesidade de mante-la Casa de Acollida como servicio especializado***.**
Se procede á aprobación dun novo regulamento de funcionamento, co obxecto de axustarse ós requisitos xerais establecidos e que deben reunir estes centros de acollida, segundo previsto na Orde de 1 de abril de 1997.

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión do 29 de marzo de 2001 o Regulamento de funcionamento da casa municipal de acollida para mulleres víctimas de malos tratos, e transcorrido o prazo de exposición pública previsto na Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, sen que se presentase reclamación ningunha, entendeuse aprobado definitivamente, procedéndose á publicación do texto íntegro do devandito regulamento en cumprimento do disposto na citada Lei; no BOP número 161, do 14 de xullo de 2001.

O presente Regulamento ten por obxecto a organización e funcionamento da Casa de Acollida de mulleres maltratadas, que ten como

finalidade atender e aloxar temporalmente as mulleres, e as súas fillas/os menores e persoas dependentes, que padezan malos tratos e precisen dun lugar para reface-la súa vida sen violencia, no que se garanten a súa integridade, liberdade e dereitos.

A novidade máis destacable deste novo regulamento é a seguinte: Para os efectos de lograr o máximo aproveitamento dos recursos e unha adecuada relación humana entre as mulleres residentes e as súas fillas/os e o equipo de traballo do centro de acollida, establécese unha *capacidade máxima de 12 prazas, incluidas ás mulleres e persoas delas dependentes***.**
Este servicio depende da Concellería da Muller, que será a encargada de velar polo complimento dos obxectivos establecidos.

No ano 2002, prodúcese tamén unha importante novidade en relación a este servicio:
Con data 1 de novembro asinouse unha addenda ó Convenio de colaboración de 9 de maio de 1995 entre a Deputación de A Coruña e o Concello de Santiago sobre servicios da Casa de acollida de mulleres en situación de emerxencia.

O convenio de colaboración asinado no ano 1995 establecía o apoio económico da Deputación, para o sostenemento do servicio especializado da Casa de Acollida para mulleres en situación de emerxencia de Santiago, e además, se concertaba un número de prazas reservadas para usuarias de concellos da provincia, que carecían de recursos.

Publicadas as disposicións da Consellería de Familia relativas a requisitos dos Centros de Acollida, e en concreto a Orden de 1 de abril de 1997, ambas entidades consideran oportuno asinar unha Addenda ó Convenio, coa *finalidade de ampliar dita colaboración, incrementando o número de prazas conveniadas (de 4 a 7)* e o desenvolvemento dalguns aspectos, como o procedemento de ingreso na Casa, os compromisos asumidos polas partes implicadas, a determinación do período de estancia e o seguimento do Convenio.

iv. Centro Día

O día 7 de febreiro de 2000, a Concellería a Muller do Concello de Santiago asina un convenio de colaboración co Centro de Estudios sobre a condición da

Muller “Alecrín” co obxecto de abrir un Centro de Día para Mulleres en Santiago de Compostela.
Con base no citado acordo, a Concellería da Muller adquire un compromiso co mantenemento total do citado centro e do seu personal.

O centro de Día para mulleres prostituídas pretendeu e pretende ser un lugar de referencia e apoio para mulleres que exerceron ou exercen a prostitución, algo difícil de conquerir si se ten en conta que teñen moi interiorizadas pautas de autoexclusión da sociedade en xeral e polo tanto dos seus recursos sociosanitarios.

Os obxectivos xerais son os seguintes:

- ⇒ Fomentar o autocoidado físico e psíquico para promover unha mellora na súa propia situación sociosanitaria facilitando así a inserción social das mulleres
- ⇒ Sensibilizar a comunidade a través da denuncia das situacións de violencia detectadas para favorecer os cambios necesarios que rompan coa dobre discrimación: ser muller e ser prostituta.

Os obxectivos específicos:

- ⇒ Asesorar as mulleres na búsqueda de solucións dos problemas individuais empregando tanto os seus recursos propios coma os que ofrece a comunidade.
- ⇒ Fomentar a prevención de enfermidades de transmisión sexual e VIH
- ⇒ Facilitar unha mellora na calidade de vida das mulleres
- ⇒ Promover e favorecer que as mulleres participen no centro con iniciativas propias.

Dende o Centro de Día ofrécese, por unha banda, un *servicio de atención individualizado de información, asesoramento e seguimento*; e por outra banda, un *espacio en común que pretende dinamizar as mulleres, como elementos activos, na búsqueda de cambios na súa calidade de vida*, poñendo a súa disposición os seguintes servicios:
Sala de estar, servicio de lavadora, servicios de ducha, servicio de secado e prancha. Estos servicios pretenden fomentar a responsabilidade e autonomía.

Ademáis dos servicios e recursos que ofrece o Centro de día, e tendo en conta a importante tendencia á autoexclusión das mulleres que exercen a prostitución, debido sobre todo a forte estigmatización social que aínda hoxe en día sofren, é imprescindible o acercamento a elas no lugar onde exercen a prostitución.

Por elo, a UNIDADE MÓBIL (furgoneta acondicionada) realiza esta labor de primer contacto e presentación, levando a cabo tamén traballo de información, asesoramento e derivación. Esta unidade, subvencionada pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia, ten como fin a prevención de VIH/SIDA e outras enfermidades sexualmente transmisibles, a través de ofertar ás mulleres a posibilidade de efectuar as probas sanguíneas co seguimento sanitario oportuno.

O número de usuarias que acudiron ó Centro de día, dende a súa apertura suman un total de:

CENTRO DE DÍA 2000-2002		
Anos	Mulleres usuarias	Nº consultas atendidas*
2000	80	325
2001	38	415
2002	64	219
Total	**182**	**959**

*A maioria das consultas atendidas son: sanitarias, xurídicas, sociais, orientación profesional.

v. Páxina Web

A concellería da Muller puxo en marcha o día 8 de marzo do ano 2001 unha páxina Web a disposición de toda a poboación, homes e mulleres e de tódolos organismos interesados en coñece-las nosas actividades; coa finalidade tamén de potenciar a incorporación das mulleres ó mundo da novas tecnoloxías.

O seu enderezo é o seguinte:
www. santiagodecompostela.org/concello/muller

b. Programas

Dende a creación da Concellería da Muller no ano 1992 no municipio de Compostela, estanse a realizar de xeito permanente actividades destinadas á promoción da Muller. A resposta deste colectivo foi alta, existindo un alto grado

de participación nas actividades programadas, así como observándose que a vivencia por parte das mulleres como o dun espacio de escoita e resposta as súas demandas, co que se incrementan as consultas de información sobre diferentes temas.

Os obxectivos fundamentais da Concellería da Muller son:

- Favorece-lo desenvolvemento integral das mulleres para mellora-la súa calidade de vida e benestar social.
- Promove-la participación activa das mulleres na sociedade para enriquecela coas súas aportacións.
- Contribuir a previr e eliminar factores que orixinan e manteñen as desigualdades entre homes e mulleres.
- Potenciar a cooperación e a participación social na eliminación de obstáculos que dificultan a igualdade entre homes e mulleres.

Para poder acadar os obxectivos marcados, se puxeron en marcha unha serie de *programas básicos que canalizan as actuacións, e son:*

- Programa de Información, Asesoramento e Orientación, sobre os dereitos e recursos sociais, prestando un apoio social e xurídico en temas relacionados cos dereitos, cos recursos sociais. (amplíase a continuación)
- Programa de Formación e Capacitación dende o que se poñen en marcha accións encamiñadas a formar e capacitar profesionalmente as mulleres. Pero tamén se abre unha liña de actuación dende a prevención como medio máis axeitado para educar na igualdade de xénero fomentando en todo caso a igualdade de oportunidades.
- Programa de Promoción e Participación Social, apoiando técnicamente os colectivos e asociacións que loitan pola igualdade, pero tamén sensibilizando a toda a sociedade a través da organización de actos culturais como exposicións, seminarios,...; a convocatoria anual do Premio de investigación Xohana Torres dedicado a traballos de investigación sobre a muller, e a promoción dos actos conmemorativos do Día Internacional da Muller e do Día Internacional da Non Violencia contra das Mulleres.
- Programa de Prevención e Intervención Social, apoiando e orientando a familia nos casos de conflictividade ou crise conxugal, familiar ou interxeneracional, así como nos casos de malos tratos e agresións no ámbito familiar.

- Programa de Formación de Axentes de Saúde para traballadores/as do sexo.

c. Actividades

Ver apartado do Plano Municipal de Igualdade de Oportunidades.